



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B xaneiro – marzo 2014

15 de xaneiro: entregamos...



La gran casa, de Nicole Krauss

Imaxinemos un gran escritorio roubado, unha peza imponente, con 19 caixóns plagados de segredos de todos os seus usuarios. Puido pertencer a Federico García Lorca, o primeiro dunha insólita cadea que conecta ao poeta con Daniel Varski, un autor chileno desaparecido baixo o terror de Pinochet e trasunto de Roberto Bolaño, veciño ocasional de Nova York que presta o escritorio a unha narradora en crise.

Comentario: 29 de xaneiro

29 de xaneiro: entregamos...



La noche de los tiempos, de Antonio Muñoz Molina

En outubro de 1936 o arquitecto español Ignacio Abel chega a Pennsylvania procedente de España, deixando atrás a súa familia incomunicada nun país crebado pola guerra. Durante a viaxe lembra a historia de amor clandestino coa muller da súa vida e a crispación e desconcerto que precederon ao conflito fratricida.

ATENCIÓN: comentario en dúas sesións, 12 e 26 de febreiro

26 de febreiro: entregamos...



Dos arquivos do trasnó, de Rafael Dieste

Conxunto de relatos curtos do autor de Rianxo que en 1926 recolleu oito narracións previamente publicadas e coa súa lectura ingresou, en 1927, no Seminario de Estudos Galegos. A obra aborda temas trascendentais como a morte, o paso do tempo, a nostalgia, e a dignidade.

Comentario: 12 de marzo

12 de marzo: entregamos...



La vida de las mujeres, de Alice Munro

Unha colección de relatos disfrazada de novela: o disfraz é un punto de vista narrativo, un fío condutor que cose unha serie de retratos - o pai apocado, a nai que buscou liberarse vendendo enciclopedias, o tío excéntrico- para, a partir deles, concibir unha vontade, aplaudir unha toma de conciencia: a da escritora que descobre a súa vocación.

Comentario: 26 de marzo

26 de marzo: entregamos...



La ignorancia, de Milan Kundera

Unha muller e un home atópanse por casualidade durante a súa viaxe de regreso ao país natal do que emigraron fai vinte anos. Poderán reemprender unha estrana historia de amor, apenas iniciada entón na súa terra?

Comentario: 9 de abril